

## DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

**Expediente: Gestiona 4222/2017**

**Asunto:** Resolución do proceso selectivo de contratación de persoal docente para impartir os módulos da acción: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

Concedida subvención polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 18 de agosto de 2017 ao abeiro da Orde do 7 de marzo de 2017 (DOG núm. 59 do 24 de marzo de 2017), pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018, e dado que a execución das accións será realizada directamente polo centro ou entidade beneficiaria sen que poida subcontratar con terceiros (non se considera subcontratación a contratación de persoal docente) procede seleccionar ao persoal que deba impartir cada un dos módulos.

Por Decreto da Alcaldía de 1 de novembro de 2017 aprobáronse as bases de selección de persoal docente para impartir os módulos da acción: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

Vista a proposta realizada polo Tribunal de 13 de novembro de 2017 que quedaba condicionada ao que informase a Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria quen mostrou disconformidade con respecto a algún aspirante concreto ao non considerar suficiente a experiencia profesional con respecto ao módulo a impartir é polo que de conformidade co previsto na base sétima RESOLVO:

Primeiro.- Nomear aos seguintes traballadores para os seguintes módulos:

Apelidos e Nome	DNI	Módulos Formativos
VERDE SALGADO, LETICIA	44090750-A	MF0249_2: Hixiene e

		atención sanitaria domiciliaria (170 h)
VERDE SALGADO, LETICIA	44090750-A	MP0028: Prácticas profesionais nos centros de traballo (120 h)
CHAVES MILLAN, MARIA	35485935-V	MF0250_2: Atención e apoio psicosocial domiciliario (210 h)
CHAVES MILLAN, MARIA	35485935-V	MF0251_2: Atención domiciliaria e alimentación familiar (100 h)
CHAVES MILLAN, MARIA	35485935-V	FC0003: Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 h)
CHAVES MILLAN, MARIA	35485935-V	FCOXXX24: Formación para a igualdade (8h)
CASAI MARTINEZ, AUREA CECILIA	52934515-S	FCOM01: Manipulador de alimentos (10 h)

**Segundo.-** Os contratos formalizaranse en réxime laboral temporal, e na modalidade de contrato de obra ou servizo determinado.

**Terceiro.-** Os contratos formalizárase antes da prestación do servizo debendo achegar ao departamento de persoal do Concello fotocopia do DNI, fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria, certificación bancaria e declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ás que se refire a Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. (Neste último caso deberá aportar autorización da compatibilidade).

**Cuarto.-** De conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores deberá comunicarse á oficina pública de emprego, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación e non termos que regulamentariamente se determinen, o contido dos postos de traballo, así como ao comité de empresa quen recibirá copia básica do contrato.

**Quinto.-** Publicar o contido desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

**Sexto.-** Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Alcaldesa no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xuzgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

En Cambados. A Alcaldesa. O Secretario Xeral.

Documento asinado electrónicamente.